

PROGRAMA ERASMUS + FP 2019-2020
Ciclos medios
CONVOCATORIA Abril- Xuño 2020

Alumnado ó que vai dirixido e duración

Alumnado de formación profesional de ciclo medio que vai realizar a súa formación en centros de traballo (FCT) de abril a xuño de 2021

Número de becas

O IES de Ordes porá a disposición do alumnado

- 2 becas para o departamento de Xestión Administrativa
- 2 becas para o departamento de Electromecánica de Vehículos Automóbiles
- 1 beca reservada para alumnado con necesidades educativas especiais de ambos departamentos.

É preciso dispor dun certificado oficial que acredite esta circunstancia.

En caso de non haber alumnado suficiente para algún destes apartados ou non acadar os mínimos esixibles nos criterios de selección, as becas non consumidas pasarán para a quenda de setembro.

Países de acollida

Francia, Italia, Portugal, Irlanda, Malta

O país de acollida final onde se realizarán as prácticas poderá ser distinto do escollido nas preferencias marcadas no impreso de solicitude. Dependerá da dispoñibilidade de empresas relacionadas co ciclo formativo no que se realicen as prácticas. Tratarase de respectar a elección do alumnado.

Dotación económica

A dotación económica varía en función do país de acollida e da duración da estancia, que será dun mínimo de 11 semanas. En todo caso a beca cubre amplamente os gastos da estadia.

Obrigas

- O alumnado que resulte seleccionado comprométese a completar as prácticas no estranxeiro na súa totalidade (que variarán dependendo do ciclo e modalidade pola que opte). No caso de non finalizalas (a excepción de causas de forza maior e debidamente xustificadas) deberá devolver as axudas recibidas.
- O alumnado seleccionado deberá participar activamente en todo o proceso necesario para a consecución da realización das prácticas: realización do Currículo Europass, búsqueda de medios de transporte, asistencia a reunións, etc. así como calquera outra disposición que determine a dirección do instituto e o coordinador de proxectos Europeos.

Causas de exclusión

- a) Instancias fóra de prazo, que pasarán a reserva
- b) Instancias con documentación incompleta (avisarase para que se complete; se non o fan, serán excluídos);
- c) Non participar de forma inxustificada nas actividades ou reunións programadas.
- d) Non cumprir coas obrigas especificadas no apartado anterior
- e) Excluirase a alumnos/as por motivo de condutas contrarias á convivencia, ou pola aparición de circunstancias sobrevidas importantes e descoñecidas para o comité de selección e que afecten á toma

de decisións, tales como alteracións de conduta, trastornos alimentarios, consumo de drogas, etc. Estas circunstancias serán avaliadas polo Comité de selección.

Solicitudes e prazo

Documento específico que se poderá atopar en secretaría. Unha vez cuberto deixarase en Conserxería á atención do departamento de Proxectos Erasmus+. O prazo máximo de presentación de solicitudes é ata o 16 de decembro de 2020 (ese día incluído)

Comité de selección

Director do centro, xefa do departamento de Xestión Administrativa, xefe do departamento de Electromecánica de Vehículos Automóbiles, xefa do departamento de Inglés e/ou Francés (dependendo do país elixido), coordinador de FCT, xefa do departamento de FOL, membros do departamento de Proxectos Erasmus+, e xefa de departamento de orientación.

Criterios de Selección do alumnado

É preciso que o alumnado seleccionado cumpra 18 anos antes de comezar a estadía.

Obterase para cada alumno/a unha nota media final tendo en conta os seguintes apartados:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.

Non poderán optar a esta beca alumnos con materias pendentes de primeiro curso.

a) Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.

b) Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.

c) Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo (no caso de que sexa diferente a do país de acollida) (máximo 2 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

a) Certificacións oficiais de competencias lingüísticas aportadas, (máximo 2 puntos).

b) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas (máximo 1 punto).

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 5 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo de profesorado que imparte clases no ciclo formativo, sobre a actitude do alumnado e a idoneidade da súa actitude para desenvolver a estadía formativa.

Cada membro do equipo docente valorará de forma xeral aspectos como:

1. Educación e respecto ás normas do centro

2. Asistencia e puntualidade

3. Interese e esforzo

4. Autonomía e iniciativa propia

5. Madurez e responsabilidade

Asemade, dependendo da familia profesional pola que opte o alumno/a, valoraranse os aspectos profesionais recollidos no Anexo I deste documento.

O alumnado poderá ter que realizar unha entrevista persoal coa Orientadora e co coordinador de programas europeos, onde entre outras cosas se valorará a súa motivación profesional, importancia da realización das prácticas na súa traxectoria profesional, etc.

Excluíranse os alumnos que non acaden como mínimo un 4 neste apartado.

Os alumnos/as con media total inferior a "6" quedarán descartados.

Anexo I

Competencias profesionais a valorar dentro do apartado 3 de Criterios de selección do alumnado, por familias profesionais:

FAMILIA PROFESIONAL DA RAMA DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA:

- 1. Capacidade de traballo en equipo*
- 2. Capacidade para saber interpretar un texto técnico escrito nun idioma estranxeiro*
- 3. Capacidade para saber integrarse nun equipo multidisciplinar, no que hai establecidos roles xerárquicos*
- 4. Capacidade para establecer e seguir procedementos de traballo*
- 5. Capacidade para resolver problemas nun tempo limitado*

FAMILIA PROFESIONAL DA RAMA DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES

- 1. Destreza no desenvolvemento de traballos técnicos / procesos ou procedementos relacionados coa profesión.*
- 2. Organización, orde e limpeza no desenvolvemento de procesos / traballos técnicos.*
- 3. Habilidades comunicativas e relacionais no ámbito da profesión.*
- 4. Capacidade para adaptarse a contornos laborais e o traballo en equipo.*
- 5. Responsabilidade e autonomía no posto de traballo.*

Estas accións están financiadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido deste documento é responsabilidade exclusiva do IES de Ordes e nin a Comisión Europea, nin o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.